

ACTA DA PROBA DE TOPONIMIA

Proceso selectivo: creación de lista de agarda auxiliares de Policía Local do Concello de Rianxo 2017

No Auditorio Municipal de Rianxo, ás 11.00 horas do día 12 de xuño de 2017 reúnese o tribunal cualificador que avaliará as probas selectivas para a creación dunha lista de agarda de auxiliares de Policía local segundo as bases aprobadas pola Resolución da Alcaldía núm. 423/2017 do 15/05/2017 e tribunal aprobado por resolución da Alcaldía núm. 487/2017 de 05/06/2017 coa seguinte composición:

- Presidente: D. Antonio Tubío Piñeiro, Xefe da Policía Local de Rianxo
- Vogal: D. José Gey Pérez, Policía Local de Rianxo
- Vogal: D. Rafael Romero del Rey, Policía Local de Rianxo
- Vogal: D. Juan Antonio González Sampedro, Policía Local de Riveira
- Secretario: D. Ramón Raul Friero Romero, Policía Local de Rianxo

O presidente constitúe o tribunal e da conta dos antecedentes do proceso:

Primeiro: O día 17/05/2017 o Concello de Rianxo publicou na prensa o anuncio para a creación dunha bolsa de contratación de auxiliares de Policía Local, para cubrir renuncias e baixas durante os meses de xullo, agosto e setembro, no que se establecía que o prazo de presentación de solicitudes era de cinco días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación, segundo o recollido no punto 4 das bases que rexen o dito proceso selectivo; así, o día 24/05/2017 rematou o prazo de presentación de instancias.

Unha vez comprobadas todas as solicitudes presentadas segundo o establecido nas bases aprobadas pola Resolución da Alcaldía núm. 423/2017 do 15/05/2017, publicouse a listaxe provisional de admitidos e excluídos na Resolución da Alcaldía núm. 458/2017 do 26/05/2017.

Rematado o prazo de reclamacións de dous días hábiles, procédese a publicar a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas e a data hora e lugar de celebración das probas.

Con data 7 de xuño de 2017 realízase a primeira proba sendo convocados para a realización da proba de coñecementos os aspirantes que superaron a mesma.

Con data 9 de xuño de 2017 realízase a segunda proba sendo convocados para a realización da proba de coñecemento sobre as características propias do Concello e a toponimia local.

Unha vez acceden ó recinto as persoas aspirantes, comeza o chamamento presentándose os seguintes aspirantes.

Núm.	Apelidos e nome	PRESENTADO
1	CHOREN GARCÍA, ADRIÁN	SI
2	RODRÍGUEZ REGUEIRO, ADRIÁN	SI
3	SAMPEÑO VIDAL, OSCAR JOSÉ	SI



A continuación indícaselle como se vai desenvolver a proba. De seguido procédese á comprobación de identidade e colocación na sala pola orde indicada na listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas e declarados aptos na primeira proba.

Explícaselle ós aspirantes que a proba de coñecementos consiste na contestación por escrito dun cuestionario de 15 preguntas. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo de media hora para a súa realización.

A proba cualificarase polo tribunal de cero a tres puntos, sendo preciso acadar un con cinco puntos, para non quedar eliminado/a. A cualificación farase atendendo a razón de 0.20 puntos por resposta acertada.

Iniciase a proba ás 11.05 horas.

As 11.08 un aspirante da conta de que a pregunta 4 repítese na número 15. O tribunal acorda eliminala e recalcular a puntuación a 0.2142857143 puntos por resposta acertada

Remata a proba ás 11.15 horas co seguinte resultado:

Finalizada a proba procédese á corrección dos cuestionarios segundo a fórmula antedita

Núm.	Apelidos e nome	nota
1	CHOREN GARCÍA, ADRIÁN	1.07
2	RODRÍGUEZ REGUEIRO, ADRIÁN	2.57
3	SAMPEDRO VIDAL, OSCAR JOSÉ	2,14

O tribunal acorda non convocar ós aspirantes que superaron a proba á proba de coñecementos de lingua galega ó acreditar en tódolos casos, con carácter previo e da maneira normativamente establecida estar todos en posesión de titulación equivalente .

Non habendo mais asuntos que tratar a presidencia remata a sesión ás 11.30 horas do día 12 de xuño de 2017, do que como secretario se estende a presente acta que será subscrita polos membros do tribunal e se publicará no taboleiro de anuncios do Concello, no sitio web e na sede electrónica municipal.



ILMO. CONCELLO DE RIANXO
"A CORUÑA"